

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****PORTOS DE GALICIA**

RESOLUCIÓN do 14 de xullo de 2011 pola que se publica a aprobación do Plan de Utilización dos Espazos Portuarios do porto de Cariño (A Coruña).

A Área de Explotación e Planificación Portuaria do ente público Portos de Galicia re-dactu e tramitou o Plan de utilización dos Espazos Portuarios do porto de Cariño, na provincia da Coruña, en cumprimento do artigo 19.2 da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, modificada pola Lei 62/1997, do 26 de decembro, e do artigo 96 da Lei 48/2003, do 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos dos portos de interese xeral do Estado, aplicables ao dominio público portuario competencia da Comunidade Autónoma de Galicia en defecto de lexislación autonómica propia.

Na reunión do Consello de Administración de Portos de Galicia do 22.12.2009 este acordou darlle conformidade ao Plan de Utilización dos Espazos Portuarios do porto de Cariño, segundo o disposto no artigo 13 e) do Decreto 227/1995, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do ente público, modificado polo Decreto 83/2002, do 28 de febreiro, e o referido artigo 96 da Lei 48/2003, así como elevalo e propoñelo para a súa aprobación.

Unha vez vistos o expediente e o informe-proposta do xefe da Área de Explotación e Planificación Portuaria de Portos de Galicia do 17.12.2009, que conta coa conformidade da Dirección do ente público, así como o acordo do Consello de Administración de Portos de Galicia que lle dá a conformidade ao Plan de Utilización dos Espazos Portuarios de Cariño, redactado en maio de 2006 polos enxeñeiros de camiños, canais e portos José Manuel Moure Vieites e Javier Blanco Rodríguez-Moret, pola UTE *Iceacsa-Proyfe* e por Andrés Daniel Cervantes Refojos, enxeñeiro da Área de Explotación e Planificación Portuaria de Portos de Galicia, e que o eleva e o propón para a súa aprobación, o presidente do Consello de Administración do ente público Portos de Galicia, por delegación da conselleira do Mar conferida pola Orde do 25 de novembro de 2009, resolveu o 9.2.2010 aprobar o plan.

O que se fai público en cumprimento do artigo 96.6 da Lei 48/2003, do 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos dos portos de interese xeral do Estado.

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2011.

José Manuel Álvarez-Campana Gallo
Presidente de Portos de Galicia